



PREGUNTA ORAL SOBRE A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DE INFORMACIÓN DE TURISMO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante tres anos, no período comprendido entre a primavera de 2014 e de 2017, foron contratadas temporalmente varias persoas para o reforzo do servizo de información turística, cobertura de baixas e vacacións do persoal de información.

Estas contratacións realizáronse ao abeiro das listas previas confeccionadas con esta finalidade mediante unha convocatoria pública feita conforme a unhas bases xerais aprobadas polo Consello de Administración da empresa municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA) no mes de febreiro de 2014.

Tendo en conta que o período máximo de vixencia das listas era de 3 anos, polo que nestes momentos non se dispón desa relación de profesionais para unha contratación temporal que poida garantir en todo momento a prestación deste importante servizo de información turística, e que non se ten constancia da apertura dun novo procedemento para a súa renovación, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

- ***Cal é o motivo polo que non se teñen renovado en tempo e forma as listas previas para a contratación temporal de auxiliares de información de turismo e que previsións existen para garantir a plena prestación deste servizo ao longo deste ano e de cara ao futuro?***

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular